

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 26 DE NOVEMBRO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteseis de novembro de dous mil sete; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez e a Interventora Dona Carmen Gómez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 19 de Novembro do dous mil sete (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

ACOMETIDAS DE AUGA.-

Habéndose advertido un erro nun acordo da Xunta de Goberno Local de data 29-10-07, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda correxilo quedando o mesmo do seguinte xeito:

“Visto o escrito presentado por **don Juan Antonio Rodríguez González**, con domicilio na rúa Rodríguez de la Fuente nº 1, 4ºB, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS

“Vista a solicitude de **dona Társila Lobarriñas Gómez**, con domicilio na rúa Porta Nova de Abaixo nº 13, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na rúa Porta Nova de Abaixo nº 13, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propondo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

TROCO DE VEHICULO DE AUTOTAXI

“Visto o escrito de **Don Juan Carlos Fernández Reinaldo**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 43, 3, desta Vila, no que prega o troco do vehículo matrícula OR-5542-P, adscrito á licenza de autotaxi nº 5, por outro novo (Volkswagen Jetta), matrícula 4527FXL, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que neste Concello non hai modelo homologado desta clase de vehículos, accede ó cambio interesado, polo cal, a partir de agora, a licenza nº5 de autotaxi, desenvolverase co vehículo matrícula 4527FXL, causando baixa a tódolos efectos, o vehículo matrícula OR-5542-P; polo interesado deberán cumprirse tódalas dispoicións contidas nos Regulamentos Nacionais e Municipais e mesmo comprometerse a desenvolver-lo traballo da praza de taxi de xeito persoal”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

- Da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, comunicando escrito relativo a autorización de proxecto de Conservatorio de Música de Ribadavia.-

- Da Confederación Hidrográfica do Norte, Resolución de data 9 de novembro pasado realtivo a expediente de inscrición no rexistro de augas dun aproveitamento de augas procedentes dun pozo denominado Cerrado do Rei, sito en Santo André, Ribadavia, a nome de Elisa Collarte Bernárdez.

- Da Confederación Hidrográfica do Norte, Resolución de data 9 de novembro pasado realtivo a expediente de inscrición no rexistro de augas dun aproveitamento de augas procedentes dun pozo denominado Pozo Quintas, sito en Sanin, Ribadavia, a nome de Jose Manuel e Odilo Taboada Madarnas.

-“Da Deputación Provincial de Ourense, subministrados de fundentes (sal) para o mantemento da Viabilidade invernal nas estradas de titularidade municipal”.

-“Acta da reunión da Comisión de Seguimento do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte e o Concello de Ribadavia

para a execución de abastecemento, saneamento, beirarúas e seguridade vial na rúa Ribeiro-Carballiño da OU-504”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION DE CERTIFICACIÓN DE OBRA.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación a certificación número 1 da obra denominada “Mellora de acceso ó Centro Social de Francelos”, por un importe total de 15.398,15 euros, os efectos de xustificar a subvención concedida pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar”.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº7/07.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o expediente de xeración de créditos nº7 /07, por importe de 16.340 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

- CONSTRUCCIÓNS VÁZQUEZ FIDALGO S.L. Suministro de formigón para obra en rúa xunto a Igrexa de Sampaio, para o Obradoiro de Emprego Labor Avia, segundo factura número 16, por importe de 3416,2 euros.
- JIM SPORTS TECHNOLOGY S.L. Suministro de materiais para pavimentación dunha sala fitness para o Servizo Municipal de Deportes, segundo factura número 19465, por importe de 3259,37 euros.
- ALUANGEL. Suministro de materiais e man de obra para a remodelación de vestuarios no campo de fútbol de Francelos, para o Obradoiro de Emprego Labor Avia, segundo factura número 0070, por importe de 6479,76

Segundo.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

- CEPSA COMERCIAL GALICIA S.A. Subministración de gasoleo C para a Casa da Cultura e o Concello de Ribadavia, segundo factura número 20071130000000194, por importe de 3048,45 euros.
- CHACOTO S.L. Segunda fracción correspondente ó pago dos servizos de montaxe para a MIT 2007, por importe de 6000 euros.
- CHACOTO S.L. Terceiro pago dos servizos de montaxe para a MIT 2007, segundo factura número 50, por importe de 6633,20 euros.

Terceiro.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.